



# TURISMO entre RÍOS

Tourism Between Rivers

[www.turismo.aestrada.com](http://www.turismo.aestrada.com)



**O CONCELLO**

# e os seus Ríos

**El Ayuntamiento y sus Ríos / The Town and its Rivers**

A Estrada está bañada por dous grandes ríos que desembocan na ría de Arousa: o Ulla e o Umia. O primeiro percorre de leste a oeste a zona norte do concello. É un dos máis caudalosos de Galicia, posuíndo dous afluentes: o Liñares, que á súa vez recibe as augas do Curantes; e o Veá, que abrolla no Monte Xesteiras. Pola súa banda, o Umia rega no sur as parroquias de Liripio, Ribela, Codeseda, Arca e Souto.

*A Estrada está bañada por dos grandes ríos que desembocan en la ría de Arousa: el Ulla y el Umia. El primero recorre de este a oeste la zona norte del municipio. Es uno de los más caudalosos de Galicia, poseyendo dos afluentes: el Liñares, que a su vez recibe las aguas del Curantes; y el Veá, que brota en el Monte Xesteiras. Por su parte, el Umia riega en el sur las parroquias de Liripio, Ribela, Codeseda, Arca y Souto.*

A Estrada lies between two major rivers flowing into the Arousa estuary: the Ulla and the Umia. The Ulla runs east-west across the northern side of the district and is one of the mightiest rivers in Galicia with two tributaries: the Liñares, which in turn receives waters from the Curantes; and the Veá, that springs from its source on Mount Xesteiras. Finally, the Umia runs along the southern side through the parishes of Liripio, Ribela, Codeseda, Arca and Souto.

Á práctica da pesca na Estrada ten o seu punto álxido no mes de maio co Concurso Internacional de Pesca do Salmón. Un deporte que convive no Ulla con outros de aventura como o rafting e o hidrospeed. Pero os ríos estradenses achegan tamén áreas para o lecer: as praias fluviais do río Liñares, do Areal e de Barcala; zonas de recreo nos Muíños de Vesacarballa e de Pina; e fermosos saltos de auga no Picho de Curantes e as fervenzas de Calobre, Ouzande ou A Somoza.

*La práctica de la pesca en A Estrada tiene su punto álgido en el mes de mayo con el Concurso Internacional de Pesca del Salmón. Un deporte que convive en el Ulla con otros de aventura como el rafting y el hidrospeed. Pero los ríos estradenses aportan también áreas para el ocio: las playas fluviales del río Liñares, del Areal y de Barcala; zonas de recreo en los Molinos de Vesacarballa y de Pina; y hermosos saltos de agua en el Picho de Curantes, Calobre, Ouzande o A Somoza.*

The high season for angling in A Estrada comes in May with the International Salmon Fishing Competition. It is a sport that cohabits the Ulla along with other adventure activities like rafting and Hydrospeed. But the rivers in A Estrada also have other leisure areas, such as the river beaches on the rivers Liñares, Areal and Barcala, the recreation areas at Molinos de Vesacarballa and Pina; and the stunning waterfalls to be seen at Picho de Curantes, Calobre, Ouzande or A Somoza.



**DEPORTES**  
e Lecer

Deportes y Ocio / Sports and Leisure

**PESCA FLUVIAL:**

# Coutos

Pesca Fluvial: Cotos

River Fishing: Angling Sites

A importancia destes ríos e dos seus afluentes converten á Estrada nunha rica zona de pesca fluvial con sete coutos. Tres para a pesca de salmón e reo en Ximonde, Sinde e Couso, tamén coñecido como Xirimbao; outros tres de troita e pesca sen morte no Souto de Veá, Ponteliñares e Rubín; e, por último, un vedado no río Umia ao seu paso por Codeseda e dous tramos de pesca libre sen morte na Ponte de Ribela e na Paradola.

*La importancia de estos ríos y de sus afluentes convierten a A Estrada en una rica zona de pesca fluvial con siete coutos. Tres para la pesca de salmón y reo en Ximonde, Sinde y Couso, también conocido como Xirimbao; otros tres de trucha y pesca sin muerte en O Souto de Veá, Ponteliñares y Rubín; y, por último, uno vedado en el río Umia a su paso por Codeseda y dos tramos de pesca libre sin muerte en el puente de Ribela y en A Paradola.*

The presence of these rivers and their tributaries makes A Estrada an exceptional area for river fishing, with 7 dedicated angling sites. Three are for salmon and trout in Ximonde, Sinde and Couso, also known as Xirimbao; another three are for trout or catch-and-release fishing in O Souto de Veá, Ponteliñares and Rubín; and, finally, a private site where the river Umia passes through Codeseda and two sections for catch-and-release fishing on the Ribela bridge and in A Paradola.



Santiago de Compostela [20 m.]

Santiago de Compostela [20 m.]

Ourense [50 min.]

Ourense [50 min.]

Rías Baixas [40 min.]

Pontevedra [45 min.]

Forcarei [20 m.]





Concellaría de Sanidade, Turismo e  
Relacións institucionais  
CONCELLO DA ESTRADA

